

RESOLUCIÓN

Expdte. 656/406

En data 29.08.2022 esta Vicepresidencia ditou Resolución relativa o listado provisional de aspirantes admitidos e excluídos no concurso libre para estabilización de emprego temporal e ingreso en unha praza de Enxeñeiro Industrial, pertenciente á escala de Administración Especial, subescala Técnica, clase Superior, grupo A, subgrupo A1, da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo incursa nos supostos das Disposicións adicionais Sexta e Oitava da Lei 20/2021, de 28 de decembro; a Resolución foi publicada no Taboleiro da Sede Electrónica do Concello de Vigo en data 29.08.2022 o fin de que no prazo dos dez días seguintes o de su publicación (ata o día 12.09.2022) se presentaran polos interesados as reclamacións e/ou se subsanaran polos aspirantes excluídos as deficiencias sinaladas.

A Base Cuarta 3. do proceso selectivo advirte que na Resolución na que se faga pública a relación definitiva de aspirantes admitidos e excluídos constará a composición do Tribunal e o lugar, data e hora da súa constitución para a valoración dos méritos. En virtude do exposto resolvo,

PRIMEIRO. Deixar sen efecto a miña Resolución de data 07.11.2022 ditada para os mesmos fins neste Expediente.

SEGUNDO. Aprobar o listado definitivo de aspirantes admitidos e excluídos no proceso selectivo.

TERCEIRO. Declarar admitidas no proceso selectivo ás seguintes persoas:

APELIDOS E NOME	DNI
COLLAZO MARTÍNEZ JOSÉ	***9198**
DE PEROY PEREIRA SILVIA	***3967**

CUARTO. Declarar excluídas no proceso selectivo ás seguintes persoas: Ningunha.

QUINTO. O Tribunal cualificador integrarase por cinco membros segundo a seguinte composición:

Presidente

D^a. Beatriz Rodríguez Yáñez, Técnica de Administración Xeral da Xerencia Municipal de Urbanismo. Suplente. D^a Lorena López Rodríguez, Técnica de Administración Xeral da Xerencia Municipal de Urbanismo.

Vogais

D. José María Domínguez Blanco, Técnico de Administración Xeral da Xerencia Municipal de Urbanismo; D^a. Julia Chamosa Martín, Arquitecta da Xerencia Municipal de Urbanismo; D. Gilberto Moldes Román. Enxeñeiro do Concello de Vigo. Suplentes. D^a. María Blanco Rodríguez, Técnica de Administración Xeral da Xerencia Municipal de Urbanismo; D. David Carvajal Rodríguez-Cadarso, Arquitecto da Xerencia Municipal de Urbanismo; D. Álvaro Crespo Casal, Enxeñeiro do Concello de Vigo.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/11/2022 14:03	Páxina 1 de 2
656-406	CSV: A7A6B3-42BHEF-5F2388-V4V72J-7HSKSZ-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Secretario

D. José Riesgo Boluda, Secretario da Xerencia Municipal de Urbanismo. Suplente, D^a. Susana Gallardo Fariña, Secretaria de Administración Municipal do Concello de Vigo.

O réxime xurídico aplicable o Tribunal axustarase ao disposto para os órganos colexiados na Lei 40/2015, de 1 de outubro. O Tribunal poderá acordar que os membros titulares e suplentes actúen indistintamente.

SEXTO. O Tribunal cualificador constituirase para a valoración dos méritos achegados na sede da Xerencia Municipal de Urbanismo o 29 de novembro ás 10.00 horas.

SÉTIMO. Publicar a presente Resolución no Taboleiro da Sede Electrónica do Concello de Vigo e proceder a súa notificación aos funcionarios nomeados.

Contra a presente Resolución poderase interpoñer con carácter potestativo recurso de reposición ante esta Vicepresidencia no prazo do mes seguinte o día da súa publicación ou recurso contencioso administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo conforme o disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común e na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa. No caso de interpoñer recurso de reposición non poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se haxa producido a desestimación presunta do mesmo.

A vicepresidente da Xerencia Municipal de Urbanismo
María José Caride Estévez

Ante mín, o secretario da XMU
José Riesgo Boluda

Data e sinaturas dixitais



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/11/2022 14:03	Páxina 2 de 2
656-406	CSV: A7A6B3-42BHEF-5F2388-V4V72J-7HSKSZ-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		